

HISTORIAS DE MULLERES

“ Desconsolado camiño pola escuridade”

Que bonitos son sempre os comezos, que felices, que paralelos á tan diferente realidade, esa a cal un vai descubrindo cando ese fermoso principio se deixa aló no olvido, nunha parte da túa vida que tan só parece tan real para ti como un soño. E así foi como fomos ti, e mais eu. Chegaches á miña vida de forma inesperada, chegaches cun sorriso debuxado disposto a facerme crer que seríamos felices xuntos, disposto a prometerme a lúa se era necesario, disposto a escoitarme, entenderme, estar ao meu lado, emprender un camiño comigo, a combatir ti e mais eu sós contra o mundo. E eu, como unha ilusa crin cada unha das mentiras que debuxabas coidadosamente na miña mente. Fomos ese principio de conto de fadas, fomos un vínculo perfecto e incluso semellábase ser o amor en todas as súas formas, ti e o teu sorriso era todo o que necesitaba para facerme sentir algo na vida, ti facíasme sentir viva. Pero que contraria se observa agora, tan lonxe no tempo daqueles días, a verdadeira e crúa realidade . Poque no, o noso conto de fadas, cor de rosa, solo era iso, un conto. Un triste conto, un innecesario e inxusto conto.

Pasou o tempo, e pouco a pouco fochesme desgastando como persoa, consumíchesme por dentro, fostes batallando contra os meus sentimentos. E ti, que tan viva me facías sentir, só conseguiches acabar facendome sentir vacía, alonxastesme do cariño todo o que puideches, ou todo canto ti quixeches. Eu estaba tan ilusionada, tan namorada, tan cegada por esa falsa realidade que instalaches ti só na miña cabeza, que a penas o vin chegar.

Ao principio só querías preocuparte porque nada me distraese do vínculo que ti mais eu comezábamos a forxar, porque era iso non? Tan só me alonxaches da miña vida, tan só acabei soa, tan só me desprendeches dos meus amigos, tan só me fixestes creer que só che tiña a ti. Pero segundo as túas palabras, simplemente velabas pola miña felicidade, según ti sempre coidaches de min, sempre buscaches o mellor para os dous. E o peor era que creía cada mentira que desprendías sen piedade pola túa boca.

Un día enfadácheste comigo, dixeches que foi sen querer, que se che foi a man, pero que nunca volvería a pasar. E eu tan namorada da mentira que éramos ti e mais eu xuntos, perdoneiche. Pero quen me ía a dicir que se che esquecerían tan rápido as túas propias palabras, as túas propias mentiras. Porque volvéchelo a facer, empezaches a despreciarme, empezaches a saír polas noites, e volvías borracho sen consciencia, sen

poder sobre os teus actos. Ou esa era a triste escusa que poñías ante todos os feitos, ante cada golpe que ti dabas e non sentías pero que si escusabas. Ante cada insulto que ti decías, que para ti non ía dirixido pero si escusabas. A cada acto que ti non sufrías, pero para o cal sempre tiñas palabras para facerme creer que, en realidade a culpa desa irreparable dor era miña. Dícialo convencido, e eu, fráxil e vulnerable, sentíame culpable, realmente eras ti quen me facía sentir culpable. Ao final conseguiches que os ollos morados e os océanos lágrimas estivesen á orde do día.

E ti segues actuando ante o teu público. Ti eres como unha moeda, de dúas caras. Non sentes remordemento algún ante cada feito, ante cada mostra de desprecio. Pero ti sequeste amosando sorrinte ante a xente, ti segues sendo todo un exemplo a seguir para a humanidade. Ti segues presentando outra cara ante a sociedade, diferente á que realmente eres.

Eu, tras cada feito, tras cada lágrima, tras cada sentimento, tras cada mentira, tras cada palabra tras a miña imaxe, só sinto que respiro pero que xa non vivo. Só me sinto como si estivera nun labirinto sen saída, so me sinto soa, valeira, apagada, sen vitalidade nin pasión. Tan só me sinto lonxe daquel principio de conto de fadas, lonxe daquelas falsas promesas que eu, ilusionada, adoraba escoitar. Sinto iso como un precioso e falso soño. E sinto a miña de actualidade como un oscuro pesadelo do que por desgraza non podo despertar. Cando comezou a facerse presente esta insoportable dor? Cando rematará? Cando poderei desprenderme desas cadeas que ataches na miña alma, cando se reconstruirá cada anaco do meu corazón que ti sen compasión rompeches, cando volverei a sorrir? Cando me volverei sentir viva?

Borraches o significado de felicidade do meu vocabulario, instalácheste na miña vida para despois destruír cada sentimento e deixarme a soas con esa tristeza, rabia e impotencia que invaden agora o lugar onde antes había unha perfecta vida en sí. Por que non o parei cando puideran? Por que deixei que pasara? Oxalá que os meus ollos puideran ver máis aló daquela perfecta imaxe de home preocupado, amable e atento. Porque agora, so podo seguir loitando, loitando nesta batalla que carece de sentido, quixera saír desta illada burbulla, poder gritar tan alto como gritan os meus sentimentos por dentro de min.

Tan só me queda seguir ver pasando as horas, seguir vivindo neste constante bucle cheo de rabia esperando a que algún día me vexas, vexas máis aló de esa capa escura que che nubla a razón e que algún día, por fin, cando me pidas perdón signifique algo de verdade, non só unha simple palabra pronunciada sen tras fondo, sen significado algún para ti. Pero aínda que o digas, aínda que te axeonlles, aínda que queiras

suplicarme, aínda incluso no hipotético caso de que che conseguira perdoar, nunca podería esquecer a humillación que me fas sentir día tras día, nunca esquecerei como xogaches comigo, como fixeches que eu me sentira descoñecida de min mesma, como destruíches o que eu era. E a pesar de todo, todavía agardo poder algún día recuperar ese soño tan lonxano a min, ese que era real antes de que ti apareceras coma un ladrón, para roubarme a vida.

Yamila Pena González

3º ESO